

NOTA DE PRENSA

-XII Xornadas de Arquitectura Bioclimática-

A arquitecta Ester Higuera asegura que son posibles ciudades sin contaminación e con zonas verdes

Os ecobarrios, a planificación e ordenanzas ambientais, a rehabilitación bioclimática e as Axendas 21 son os cinco instrumentos para alcanzar a cidade habitable

Ester Higuera: “Hay que planificar teniendo en cuenta el territorio, el clima y el paisaje”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2009 (Vía Láctea Comunicación).- A **Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)** continúa hoxe coa celebración da duodécima edición das Xornadas de Arquitectura Bioclimática, onde a arquitecta e profesora da Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid (ETSAM) e da Universidade Politécnica de Madrid (UPM), **Ester Higuera**, ofreceu un relatorio sobre os instrumentos de planificación sostible.

Segundo Higuera para acadar a cidade habitable e sostible é preciso traballar e planificar a través de cinco instrumentos básicos: o deseño de **ecobarrios**, o **Plan de Ordenación Municipal** (con **criterios ambientais**), as **ordenanzas ambientais**, a **rehabilitación enerxética e bioclimática** e as **Axendas 21**. Así o relata a arquitecta nunha dos seus últimos libros publicados, “El reto de la ciudad habitable y sostenible”, que presentou hoxe en Santiago.

Con estes cinco instrumentos, Higuera sostén que se pode reducir a pegada ecolóxica, realizar unha xestión eficiente de recursos materiais e enerxéticos mellorando o ecosistema urbano, e atopar unha identidade e singularidade das actuacións con ecobarrios e o urbanismo bioclimático.

“Una ciudad habitable y sostenible puede resumirse en un espacio sin ruidos ni contaminación, con zonas verdes de calidad y en cantidad y con calles limpias y seguras –asegurou Higuera. Pero para alcanzar esta meta a arquitecta explicou que é preciso planificar tendo en conta o territorio, o clima e a paisaxe como eixes fundamentais na toma de decisións de crecemento, distribución de usos do solo, selección de tipoloxías edificatorias, establecemento de densidades, relación entre equipamientos e vivendas, fomento das enerxías limpas ou renovables en escala arquitectónica e urbana.

Os ecobarrios

Un dos instrumentos ideas para transformar unha cidade en habitable é planificar mediante ecobarrios, xa que establecen unha relación axeitada entre o territorio e a paisaxe, reducindo a contaminación e as emisións ao aire, a auga e o solo. Incluso Higuera destaca que co fomento de ecobarrios pódense chegar mesmo a mellorar as relacións sociais dos seus residentes.

Outro dos instrumentos de planificación sostible é o Plan de Ordenación, mediante criterios bioclimáticos. A proposta ideal sería edificar seguindo os criterios básicos do Urbanismo Bioclimático: **A cada lugar unha planificación** que se acada mediante:

- Un trazado viario estruturante que responda a criterios de soleamento e vento (xerarquización e sección transversal)
- Rúas adaptadas á topografía, buscando as orientacións óptimas de soleamento e vento
- Zonas verdes axeitadas ás necesidades de humidade e evaporación ambiental (en superficie, conexión e especies vexetais apropiadas)
- Morfoloxía urbana de mazás que xeneren fachadas ben orientadas e axeitada proporción de patios de mazá segundo o clima
- Parcelación que xenere edificios con fachadas e patios ben orientados
- Tipoloxía edificatoria diversa e axeitada ás condicións do sol e vento do lugar

“Desgraciadamente los factores económicos suelen ser más determinantes que los ambientales, y por eso los Planes de Ordenación no están conduciendo a mejorar las condiciones de los residentes” –indicou a arquitecta.

Para exemplificar o seu discurso, Higuera expuxo varios proxectos que resumen a idea de cidade habitable e sostible. Falou da rehabilitación enerxética e bioclimática no *Plan Especial de regeneración del espacio público. Polígonos A y C de Moratalaz*; da proposta da *Ordenanza de Eficiencia Energética para el Ayuntamiento de Madrid* e sobre a *Ordenanza Bioclimática de Tres Cantos*.

N.B.- Inclúe fotografía da arquitecta Ester Higuera e portada do libro “El reto de la ciudad habitable y sostenible”

SAÚDOS

Prensa COAG-Santiago

981 55 44 07

www.vialactea.es